



Entrevistas



Francisco Omil Prieto
COORDINADOR
DEL MÁSTER
EN INGENIERÍA
AMBIENTAL

"La Mención de Excelencia ha sido una gran manera de acabar este año académico"

[Ler máis...](#)



Alfonso Cabaleiro
XERENTE DE GALICIA
CALIDADE

"Galicia Calidade resume, en dúas palabras, a nosa esencia"

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
PRESIDENTE DE SOGAMA

"O noso maior desexo para 2021: a RECUPERACIÓN"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama xestiona os residuos sanitarios de baixo risco xerados na segunda onda da COVID-19

Os residuos sanitarios volveron medrar de forma exponencial desde outubro e Sogama, na súa condición de empresa pública autonómica, reactivou, no Complexo Medioambiental de Cerceda, a planta, provisional e específica, onde estes refugallos reciben un pretratamento para ser valorizados enerxeticamente na Planta Termoeléctrica a máis de 850°C, temperatura coa que se garante a eliminación de patóxenos e outros axentes nocivos.



[Ler máis...](#)

Actualidade

Galicia contará cunha planta pública de biorresiduos en cada provincia

Campaña de xestión de máscaras desbotables

En marcha a 8ª edición do programa "Recíclate con Sogama"

Renovación do acordo de colaboración medioambiental co penal de Monterroso

[Ler máis...](#)

Multimedia



Os superheroes non tiran as máscaras desbotables fóra do contedor convencional!

Papá, canto sabes de compostaxe?



Día Mundial do Solo na ONU

[Ver máis...](#)

Eventos

Día contra o Cancro de Mama

"REORGanicémonos"

Consellos "Reinventemos este Nadal"

[Máis eventos...](#)

Curiosidades


A lata de bebidas cumpre 85 anos



Aumentan os consumidores ecoactivos

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

1. Sopa de pescado
2. Bulgur de polo
3. Torresmos doces

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal

Editorial



“O noso maior desexo para 2021: a RECUPERACIÓN”

Pronto deixaremos atrás un ano que, ademais de dar o pistoletazo de saída a unha nova década, pasará aos anais da historia como un dos máis tráxicos que vivimos nas últimas décadas e con consecuencias devastadoras para moitas persoas e sectores.

Pero se algo caracteriza ao ser humano é o seu espírito de adaptación e de capacidade para facer fronte ás situacións máis adversas. A crise sanitaria cambiou radicalmente as nosas pautas de conduta, os nosos hábitos e os nosos valores, e a incerteza pasou a ser o mantra diario co que tivemos e temos que lidar.

Aquilo que outrora nos parecía insignificante, hoxe case o cualificamos como privilexio. O duro confinamento sufrido no seu momento, quizais nos servira para reencontrarnos con nosa propia existencia e comprender o sentido de moitos servizos básicos e esenciais nos que non reparamos.

O ordinario transformouse en extraordinario; as relacións sociais e persoais foron substituídas por un formato virtual case futurista, e os nosos ollos convertéronse na principal ferramenta de comunicación. E todo este cúmulo de cambios sucedéronse durante un exíguo período de tempo no que cada día constituía un reto para superar. “Un día máis, un día menos”, foi o lema co que desafiabamos a maldita pandemia.

Desde Sogama tentamos poñer o noso gran de area para que o tratamento de residuos, a pesar das adversidades

derivadas do impacto da COVID-19, seguise o seu curso. Na primeira onda, enfrontándonos aos contratemplos propios da escaseza de subministracións críticas para o correcto funcionamento das nosas instalacións e á gran preocupación por preservar a saúde dos traballadores e garantir o servizo ao conxunto do territorio galego.

Probablemente, o Nadal que se aveciña será atípico, con ausencia de moitos seres queridos e, quizais, con menos festas e celebracións, pero ninguén nos pode arrebatarnos a ilusión por un novo ano que polo menos sirva para cicatrizar feridas, que nos achegue un pouco acougo e tranquilidade, e que nos abra a porta a un futuro esperanzador.

En Sogama seguiremos arrimando o ombreiro facendo o que mellor sabemos: xestionar de forma sostible os residuos urbanos producidos por máis de 2.242.000 habitantes para evitar que estes representen unha ameaza para o medio ambiente e a saúde pública.

O noso maior desexo para 2021: que sexa o ano da RECUPERACIÓN. ●

Presidente

Javier Domínguez Lino

[Editorial en castelán](#)

Entrevistamos a...



Francisco Omil Prieto

Catedrático de la USC y
Coordinador del Máster en
Ingeniería Ambiental

"La participación de las empresas, centros de investigación y administraciones es muy importante en este máster"

Desde hace dos décadas, la USC forma a profesionales especializados en desarrollar soluciones sostenibles para afrontar los complejos problemas ambientales. Primero, a través del Graduado Superior en Ingeniería Ambiental y desde 2006, y como germen del anterior, a través el Máster en Ingeniería Ambiental que, en sus quince años de trayectoria, siempre ha buscado la máxima calidad formativa y docente apoyándose en la colaboración universidad-empresa. Esta apuesta le ha valido la Mención de Excelencia 2020-2025 de la Xunta de Galicia. Un galardón que representa "un salto cualitativo" y llega en un momento "adecuado para pensar y plasmar todas aquellas acciones que pensamos enriquecerían el título en la próxima década", señala su coordinador, Francisco Omil. Hablamos con él.

Arranca una nueva edición del Máster en Ingeniería Ambiental de la Universidad de Santiago y entendemos que lo hace con más motivación que nunca al haber sido galardonado con la Mención de Excelencia 2020-2025 de la Xunta de Galicia.

Pues sí, fue una gran noticia que nos llenó de ilusión y que llegó en un momento muy oportuno: al final de un curso difícil debido a la situación de confinamiento derivada de la COVID-19, por lo que supuso una manera estupenda de acabar un año académico tan convulso. Este galardón se suma a otros reconocimientos alcanzados, de entre los que destacaría el liderazgo en el "Ránking 250 Máster" que elabora anualmente el diario El Mundo, y que nos sirve de acicate todos los años para seguir mejorando. Y efectivamente, la citada mención nos ha permitido iniciar el curso

2020-21 con más energía para abordar toda una serie de acciones de mejora que creemos permitirá dar un salto cualitativo importante a la titulación.

Háblenos del alcance de esta titulación: a quiénes va dirigida, cuáles son sus objetivos y cuál su proyección.

El Máster en Ingeniería Ambiental es una titulación que se imparte en la Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) situada en el Campus Vida (Santiago de Compostela). Tiene su origen en una iniciativa previa que se puso en marcha en la Universidade de Santiago de Compostela (USC) en el año 2000: el Graduado Superior en Ingeniería Ambiental. Este era un posgrado liderado por los profesores Juan M. Lema y Gumersindo Feijoo y que aglutinó a un grupo de profesores pioneros en Galicia en los ámbitos de la Ciencia e Ingeniería Ambiental desde

"Es preciso una formación básica que permita desarrollar soluciones sostenibles para afrontar los complejos problemas ambientales reales, teniendo en cuenta no solo los recursos disponibles, sino también los aspectos económicos, legales y sociales"

Entrevistamos a...

los años 80 con gran proyección, tanto nacional como internacional. Además de los ya mencionados, podríamos citar a Manuel Bao, Felipe Maciás, Francisco Díaz-Fierros, Alejo Carballeira o Juan Casares, entre otros muchos nombres destacados. De ese trabajo previo, surgió el actual máster en 2006, una de las primeras titulaciones de máster de la USC adaptada al Espacio Europeo de Educación Superior (EEES).

El Máster en Ingeniería Ambiental es una titulación multidisciplinar que está dirigida tanto a graduados en titulaciones de ingeniería como de ciencias. Las titulaciones más habituales de nuestros alumnos en el campo de la ingeniería son: Ingeniería Química, Ingeniería Industrial, Ingeniería Civil, Ingeniería de Minas, Ingeniería Agrícola y Forestal, etc. Dentro de las titulaciones de ciencias destacan especialmente las de Ciencias Ambientales, Biología y Química.

Para todos ellos, el objetivo básico de la titulación es la formación de profesionales competentes que tengan como misión específica la prevención de daños ambientales, la protección del entorno y la mejora de la calidad ambiental frente a problemas como son el consumo no sostenible de los recursos, la generación de residuos, así como la contaminación de las aguas, del aire y de los suelos. Es preciso una formación básica que les permita desarrollar soluciones sostenibles para afrontar los complejos problemas ambientales reales, teniendo en cuenta no solo los recursos disponibles, sino también los aspectos económicos, legales y sociales.

La titulación tiene una clara vocación nacional e internacional, habiendo demostrado tener una capacidad importante de atracción de estudiantes de otras universidades. A modo de ejemplo, en el curso 2016-17, el 50% procedían de otras regiones de España y el 7% de otros países, mientras que los graduados de la USC sólo supusieron el 21%.

"Durante estos 15 años, la trayectoria del Máster en Ingeniería Ambiental se ha caracterizado por la adopción de acciones que supusieron una mejora constante en su proceso formativo"

Con un recorrido de 15 años, ¿qué cualidad destacaría en mayor medida de este máster y en qué se diferencia de otros de estas características?

Durante estos 15 años, la trayectoria del Máster en Ingeniería Ambiental se ha caracterizado por la adopción de acciones que supusieron una mejora constante en su proceso formativo. Algunas de las medidas adoptadas, y que supusieron un cambio cualitativo se tomaron ya en sus inicios. En 2006 fue la primera titulación que incluyó las prácticas externas en empresas como una materia obligatoria; y en 2008, fue pionera en la adopción de materias en inglés, venciendo resistencias importantes incluso dentro del seno de la propia comunidad universitaria. Desde entonces se han impartido de forma continuada tres materias en ese idioma.

En 2009 se aprobó una norma que garantiza que todo el profesorado interesado en impartir materias en el máster debe acreditar una cierta experiencia previa (tanto docente como investigadora). Al año siguiente, en 2010 se estableció un mecanismo de garantía de calidad del profesorado basado en las encuestas de satisfacción del alumnado de tal manera que un bajo resultado continuado llevase aparejada la revisión de la docencia impartida e incluso la posible pérdida de la condición de docente en la titulación.

El resultado de estas y otras iniciativas fue la de ir reuniendo un cuerpo de profesores excepcional en nuestra universidad. Profesores que proceden de ámbitos multidisciplinarios tales como Ingeniería Química, Ingeniería Agroforestal, Edafología y Química Agrícola, Química Analítica, Química Física, Zoología, Ecología Geografía y Derecho. Es de destacar su amplia experiencia docente e investigadora. Sirva a modo de ejemplo que, aproximadamente, la mitad del profesorado es miembro del recientemente creado Instituto de tecnologías ambientales (CRETUS), una de las grandes fortalezas de la USC en el mundo de la investigación aplicada.

La intención de sus promotores es darle, durante el presente curso académico, un impulso a través de nuevas acciones. Háblenos de este novedoso enfoque.

La solicitud de la Mención de Excelencia supuso un momento adecuado para pensar y plasmar en un documento todas aquellas acciones que pensamos enriquecerían el actual título en la

"La titulación tiene una capacidad importante de atracción de estudiantes de otras universidades. En el curso 2016-17, el 50% procedían de otras regiones de España"

próxima década. Así lo hicimos, y ahora toca ponerlas en ejecución.

Posiblemente, la acción más ambiciosa sea la reformulación del actual plan de estudios, pues se trata de realizar un análisis crítico del plan de estudios actual, así como identificar todos aquellos ámbitos prioritarios y emergentes para marcar una nueva hoja de ruta a seguir en los próximos años. Se pretende realizar esta reflexión a todos los niveles, desde los estudiantes y profesores hasta los egresados, empresas, organismos de investigación y administraciones. Otras acciones representativas tienen que ver con las relaciones exteriores para formalizar una red de egresados, así como un comité externo de empresas, con los cuales mantener un diálogo fluido para implicarlos más en la titulación.

También se pretende poner en marcha ferias de empresas en tecnologías ambientales con una periodicidad anual o bianual para que sirvan como punto de encuentro entre estudiantes, egresados, empresas, administraciones, profesores e investigadores.

Asimismo, queremos establecer contactos con universidades de referencia en el norte de Europa y en América Latina o solicitar un sello de calidad en ingeniería: EurACE. Esta sería la acción final en la que culminaría el proceso a seguir durante los próximos 5 años.

A través de estos proyectos, y de otras indicadas en la memoria, se pretende dar un salto cualitativo a la titulación, que permita mejorar su calidad y su capacidad de seguir atrayendo estudiantes de excelencia tanto nacionales como extranjeros.

El máster cuenta con la colaboración de diferentes empresas. ¿Cómo se materializa este apoyo?

La participación de las empresas, centros de investigación y administraciones es muy importante en este máster, que en la actualidad

Entrevistamos a...

cuenta con más de 100 convenios en vigor. Quizás la más importante sea la colaboración a través de nuestro programa de prácticas externas (curriculares o extracurriculares), en donde nuestros alumnos tienen la posibilidad de acercarse al mundo laboral por un período de un mes que luego puede ser prolongado hasta un máximo de cinco. También es muy importante la colaboración en el Trabajo Fin de Máster, en donde a través de tutores de empresa y de universidad se tratan problemas de interés para ambas partes. Otro tipo de actividades muy importantes en la titulación son las visitas a industrias o la participación en

cursos o charlas impartidas por ponentes de empresa. Finalmente, indicar los convenios de patrocinio (actualmente tenemos uno vigente desde 2013 con la empresa VIAQUA), una herramienta que ha demostrado su gran utilidad a lo largo de estos años y que nos gustaría seguir desarrollando.

Asimismo, cuenta con un Comité Externo conformado por profesionales de la empresa, la industria y la administración. ¿Cuál es su función?

El Comité externo del Máster en Ingeniería Ambiental es una de las primeras acciones contempladas en el

plan de Excelencia enviado a la Xunta. Se trata de oficializar la trayectoria de cooperación del máster con el mundo de la empresa, la industria y las administraciones a través de un comité formado por un número en torno a 15 miembros. Entre sus funciones figurarían la promoción de actividades conjuntas (prácticas, visitas, trabajos fin de máster, proyectos de investigación), la promoción de las ferias en tecnologías ambientales, así como la discusión conjunta de la marcha de la titulación, propuesta de acciones de mejora y de cualquier iniciativa de interés que contribuya a acercar ambos mundos. ●

PERFIL PROFESIONAL

Francisco Omil Prieto es Catedrático de Universidad del Departamento de Ingeniería Química de la USC. Sus actividades de investigación se centran en la aplicación de procesos biológicos al tratamiento de efluentes residuales (aguas residuales urbanas e industriales, contaminantes emergentes, microcontaminantes orgánicos, etc.). Hasta la fecha ha participado en numerosos proyectos de investigación (8 europeos, 14 nacionales y 12 financiados por la Xunta de Galicia), además de 26 contratos con empresas. De entre sus resultados destaca la dirección de 10 tesis doctorales y la publicación de 95 artículos científicos internacionales y 2 patentes (una de ellas con extensión europea licenciada a la empresa SUEZ). Además de su actividad docente e investigadora, tiene una importante dedicación a la gestión universitaria, destacando su etapa como Subdirector de la Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) (2012-2020) y coordinador del Máster Oficial en Ingeniería Ambiental (desde 2008). También indicar que tiene experiencia en la empresa privada, tanto en el sector petroquímico como en el de las consultorías ambientales (1991-1993).



Entrevistamos a...



Alfonso Cabaleiro

Xerente de Galicia Calidade

"A honestidade e calidade de Galicia trasládase aos nosos produtos e servizos"

O Nadal está á volta da esquina e celebráremolo nun contexto particular marcado pola COVID-19 e o seu impacto sanitario, social e económico. Consumir produtos galegos, é dicir, do noso, cobra hoxe, se cabe, máis relevancia. Disto saben ben en Galicia Calidade, a marca de garantía da Xunta de Galicia que, actualmente, certifica a excelencia de máis de 400 produtos e servizos galegos dunha ampla gama de sectores. Os máis, do agroalimentario e do turístico, pero tamén da pesca, da artesanía, da xoiaría ou do forestal. Desde a súa creación en 1995, este selo é unha referencia de confianza para os consumidores e un valor engadido para máis de 135 empresas, como nos conta o seu xerente, Alfonso Cabaleiro.

Que significado ten a marca Galicia Calidade e que achega aos produtos e servizos adscritos á mesma?

Galicia Calidade sempre digo que para min é unha das mellores marcas que se crearon en España nos últimos anos, xunto coa do Xacobeo. En dúas palabras resúmese a nosa esencia, calidade e galegitude. Aos produtos e servizos creo que lles achegamos confianza de cara ao consumidor, polo feito de ser un selo de garantía que audita e certifica aqueles que cumpren os requisitos establecidos.

A día de hoxe, cantas empresas están adheridas a esta marca e a que sectores representan?

Estamos actualmente cerca de 400 produtos e servizos de 135 empresas galegas, onde o sector agroalimentario e o sector turístico teñen moita importancia, pero tamén contamos con outros sectores tamén de relevancia en Galicia como

a xeoterma, o sector da planta ornamental, a xoiaría, entre outros.

Que ten que facer unha empresa que queira ser certificada por Galicia Calidade? Cal é o protocolo a seguir?

Pois os pasos establecidos comezan por unha solicitude a través da nosa páxina web. Unha vez recibida, o departamento técnico estuda o produto ou servizo en cuestión para valorar se é posible a certificación. En caso afirmativo, se é un produto para o que non hai condicións establecidas, elabóranse, e se xa hai produtos similares envíanselle ás empresas as condicións que deberían cumprir. Cando a empresa está preparada, marcamos unha cita de auditoría para corroborar que todo o que se esixe se cumpre.

Ademais de factores coma o ecodeseño e o emprego de materiais sostibles, especialmente

"O consumidor volve confiar no produto local. Aumenta a preocupación por parte da poboación polo que come ou entrega, por ir un paso máis alá do que ve"

nos envases e envoltorios, hai dous principios que rexen as compras responsables e comprometidas co medio ambiente: adquisición de produtos locais, de proximidade e de tempada. Estase a recuperar esta práctica na nosa comunidade?

Polo que vemos no comportamento do consumidor a diario parece ser que esa é a tendencia: confiar no produto

Entrevistamos a...

local cun aumento da preocupación por parte da poboación polo que come ou emprega, por ir un paso máis alá do que ve. De onde vén o produto, como se tratan os animais que o producen, como se comporta a empresa a nivel corporativo,... Son parámetros que para Galicia Calidade tamén son importantes e que tentamos reflectir nas esixencias de certificación.

Que mensaxe lle podemos trasladar aos cidadáns para que compren produtos galegos certificados por Galicia Calidade?

Galicia é coñecida en todo o mundo pola súa calidade, e tamén pola súa honestidade. Por non enganar a ninguén co que somos ou co que vendemos. E iso trasládase tamén aos produtos e servizos. Por iso, o feito de que un produto leve o noso selo pode incidir nesta idea. A chegar ao consumidor unha pequena parte de Galicia e que



a perciba con confianza, coa garantía que lle podemos achegar. E que iso sexa un valor diferencial para as empresas, que lles permita vender máis e mellor

e que nos vexan como un apoio na súa comercialización. Se esas dúas patas se cumpren pois pensamos que o labor de Galicia Calidade está cumprida. ●



PERFIL PROFESIONAL

Alfonso Cabaleiro (Chapela, Redondela, 1957) é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade de Navarra. Desde marzo de 2003 é director-xerente de Galicia Calidade. Anteriormente, ocupou o cargo de secretario de Comunicación da Xunta de Galicia (2003-2005 / 2009-2013). Foi tamén director da Radio Galega, de Cope Galicia e de TVE Galicia, así como director de informativos da Radio Galega e subdirector de Informativos da TVG e delegado en Santiago dos xornais Faro de Vigo e El Ideal Gallego.

Mundo SOGAMA

Sogama retoma a xestión de residuos sanitarios de baixo risco na segunda onda da COVID-19

Estímase unha recepción diaria de 5,12 t para ser valorizadas enerxeticamente a máis de 850°C, temperatura coa que se garante a eliminación de patóxenos e outros axentes nocivos



Os refugallos sanitarios chegan a Sogama en caixas de cartón precintadas e embaladas.

A petición do SERGAS (Servizo Galego de Saúde), e coa autorización administrativa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Sogama retomou o pasado 23 de novembro a xestión de residuos sanitarios de baixo risco (buzos, luvas, máscaras desbotables e asimilables) no marco da segunda onda do COVID-19. Ao respecto, o seu presidente, Javier Domínguez, sinalou que “non podemos permitir que unha ineficiente xestión destes refugallos orixine un novo problema ambiental e de saúde pública”.

Os residuos sanitarios volveron a medrar de forma exponencial desde o pasado mes de outubro e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, na súa condición de empresa pública autonómica, reactivou, no Complexo Medioambiental de Cerceda, a planta, provisional e específica, onde os residuos sanitarios reciben un pretratamento (tritución e acondicionamento en forma de combustible CDR) para alimentar posteriormente as caldeiras da Planta Termoeléctrica e ser valorizados enerxeticamente a máis de 850°C, temperatura coa que se garante a

eliminación de patóxenos e outros axentes nocivos.

Desde os centros sanitarios de orixe, estes refugallos trasládanse a Cerceda en bolsas pechadas que, á súa vez, son introducidas en caixas de cartón precintadas e embaladas, para ser transportadas nas mellores condicións hixiénicas e de seguridade.

65 toneladas nun mes

Sogama seguirá o mesmo protocolo que instaurou o pasado mes de abril. Neste sentido, cabe recordar que, entre o 21 de abril e o 21 de maio, tratou no seu complexo industrial 65.000 quilos de residuos sanitarios de baixo risco. Para isto contratouse persoal externo,

que se rexeu por horarios diferentes aos traballadores adscritos á xestión de residuos urbanos, contando igualmente con vestiarios e áreas de descanso independentes a fin de previr posibles contaxios.

A estimación é que, a partir deste momento, a entidade xestione nas súas instalacións da orde de 5,12 toneladas diarias deste tipo de refugallos.

O presidente da compañía, Javier Domínguez, recordou tamén que as plantas de valorización enerxética que dan servizo a varias comunidades españolas están a levar a cabo este labor a fin de evitar o vertido destes residuos, importante fonte de contaminación. ●



Actualidade

A futura planta de biorresiduos urbanos de Vilanova de Arousa prestará servizo a 25 concellos do Salnés

Outras dúas instalacións planificadas en Lugo e en Ourense completarán o tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos en toda Galicia xunto coa existente nas instalacións de Sogama en Cerceda

A Consellería de Medio Ambiente, a través de Sogama, investirá 15,5 M€ na futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa (Pontevedra). Os terreos nos que se ubicará -sete parcelas que se estenden por unha mazá enteira do polígono vilanovés- suman unha superficie de 20.000 m² e foron adquiridos por 1,5 M€.

Este é o primeiro paso para impulsar a que será a segunda planta en Galicia promovida pola Xunta de Galicia e dedicada ao tratamento e xestión dos chamados biorresiduos domésticos, logo da posta en marcha da primeira en Cerceda. Así mesmo, construíranse outras dúas plantas no sur de Ourense e norte de Lugo. Esta actuación contará cun orzamento de 25 M€.

Servizo ao eixo atlántico sur

O obxectivo da nova infraestrutura proxeitada en Vilanova é dar servizo a uns 25 concellos do chamado eixo atlántico sur, prevendo que xere entre 8 e 10 empregos directos, aos que se sumarán arredor doutros 20 indirectos.

Terá capacidade para tratar 15.000 toneladas anuais de materia orgánica contida nos residuos domésticos e outras 7.000 toneladas de podas



A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, acompañada polo presidente de Sogama e o alcalde de Vilanova de Arousa durante o acto de presentación do proxecto.

e restos de madeira, prevendo acadar unha produción de 6.000 toneladas anuais de compost de alta calidade, que se destinará ao sector da agricultura como abono natural e sostible en substitución dos fertilizantes artificiais.

A planta abranguerá a totalidade do proceso da compostaxe dos residuos recibidos, comprendendo todas as fases (pretratamento, fermentación,

maduración e almacenamento), así como os correspondentes sistemas de depuración de aire e de augas.

O tratamento dos refugallo orgánicos levarase a cabo en naves pechadas, facendo uso en todo momento das últimas tecnoloxías de procesado, control de cheiros e ruído. A operativa industrial da instalación alimentarase con enerxía renovable, fundamentalmente a través de paneis solares. ●

Sogama participa na Semana da Economía Circular de Murcia

O presidente, Javier Domínguez, foi dos relatores convidados xunto con outros representantes autonómicos



A intervención de Domínguez foi virtual.

"Reciclaxe e valorización enerxética son procesos complementarios e ambos teñen un inimigo común: o vertedoiro", sinalou o presidente de Sogama, Javier Domínguez, nunha mesa coloquio enmarcada na Semana da Economía Circular celebrada en Murcia e na que participou virtualmente invitado por AEMA (Asociación de Empresas de Medio Ambiente da Rexión de Murcia).

Concretamente fíxoo no panel "Economía circular e valorización enerxética no marco do Pacto Verde",

xunto con Vicente Galván López, Director Xeral de Economía Circular na Consellería de Medio Ambiente da Comunidade de Madrid; Rafael Guinea, presidente de Aeversu; e Francisco Marín, Director Xeral de Medio Ambiente da Rexión de Murcia.

Valorización enerxética

Domínguez reivindicou a aplicación da xestión xerarquizada de residuos establecida pola UE, así como o papel que lle corresponde á valorización enerxética da fracción non reciclable,

debendo situarse antes do vertido por constituír este unha seria ameaza para o medio ambiente e a saúde.

O responsable da empresa pública repasou a historia ambiental de Galicia na xestión do lixo, facendo fincapé no fíto que supuxo a implantación do modelo Sogama coa súa aposta pola reciclaxe e a valorización enerxética da parte non reciclable. Neste sentido, recordou que os países europeos que máis reciclan, son precisamente os que máis valorizan enerxeticamente e os que menos verten. ●

Máscaras desbotables: ao contedor verde da fracción resto

Sogama puxo en marcha unha nova campaña divulgativa para informar sobre os perxuízos de abandonalas na natureza

Usar máscara é unha responsabilidade, como tamén o é xestionala correctamente cando se converte en residuo. É a conclusión da campaña que, baixo o título "Non enmascaras a túa responsabilidade: as máscaras desbotables, ao contedor da fracción resto" lanzou Sogama, co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Está integrada por recursos divulgativos (vídeo, cuña radiofónica e manual de boas prácticas) orientados aos cidadáns que residen nalgún dos 295 municipios adscritos ao seu sistema.

O obxectivo desta iniciativa é informar e formar á poboación sobre os efectos perniciosos que ten este refugallo cando acaba abandonado na contorna natural, xa que tarda entre 300 e 400 anos en degradarse. Unha alternativa máis ecolóxica son as máscaras reutilizables, se ben debe comprobarse que



contan coa protección necesaria e o certificado que así o acredite.

No caso do modelo Sogama, as máscaras desbotables, ademais de luvas e toallíñas, deben introducirse, xunto cos residuos non reciclables, no contedor verde convencional a fin de que sexan valorizadas enerxeticamente a máis de 850°C, temperatura coa que se consegue eliminar patóxenos e axentes nocivos. De feito, as instrucións ditadas no seu momento polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico priorizan a valorización enerxética sobre o depósito en vertedoiro.

No amarelo

Pola súa banda, os botes plásticos de xel hidroalcohólico deben arroxarse ao contedor amarelo de recollida selectiva para que poidan ser reciclados e convertidos en novos produtos.

Non obstante, e máis aló do correcto uso da máscara, Sogama tamén recorda a importancia de manter a distancia de seguridade, limitar as reunións familiares ao número de persoas indicado pola normativa en cada momento, lavar as mans con frecuencia, evitar tocar a cara e velar en todo momento pola protección. Porque protexéndonos a nós, protexemos aos demais. ●

Constituído o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular


Sogama forma parte do mesmo, xunto con outras 53 entidades do sector

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, participou o pasado 24 de novembro, a través de videoconferencia, na reunión constituínte do Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (VIRATEC), do que forma parte esta empresa pública, xunto con outras 54 entidades do sector. Todas elas aglutinan unha facturación de 2.000 millóns de euros.

O máximo responsable da Sociedade Galega do Medio Ambiente mostrou a súa satisfacción por formar parte dun Clúster punteiro, 100% galego, e que, ao seu xuízo, "desempeñará un papel clave na transición de Galicia cara a un modelo de economía circular, seguindo os principios do Pacto Verde Europeo".

Misión VIRATEC

A misión deste Clúster, tal e como figura na súa carta de presentación, é "incrementar a capacidade tecnolóxica, de innovación e a competitividade das empresas galegas que achegan solucións ambientais, fomentando un ecosistema de cooperación público-privada e entre empresas, xerando sinerxías entre distintas áreas de coñecemento, promovendo a I+D+i, mellorando a formación e creando oportunidades de internacionalización para contribuir ao desenvolvemento sostible da sociedade galega e á preservación do seu medio ambiente, baixo os principios da economía circular".



Javier Domínguez Lino durante a sesión constituínte.

Polo que respecta a Sogama, a empresa pública achegará a súa experiencia e coñecementos na innovación tecnolóxica aplicada a residuos para que o desenvolvemento sostible se imponha na nosa comunidade. Isto traerá consigo, non só unha maior protección ambiental e un menor consumo de recursos, senón tamén a creación de emprego de calidade e a xeración de riqueza, contribuíndo ao PIB de Galicia. ●

Sogama estará representada no Máster en Enxeñería Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela

O presidente da empresa pública, Javier Domínguez Lino, entrou a formar parte do Comité Externo desta titulación superior

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, entrou a formar parte do Comité Externo do Máster en Enxeñería Ambiental da USC. Esta titulación foi recentemente galardoada e distinguida coa Mención de Excelencia 2020-2025 da Xunta de Galicia, que acredita o seu alto nivel académico e solvencia científico-técnica, representando igualmente unha garantía de futuro para os seus estudantes.

Conformado por profesionais do ámbito da empresa, a industria e a administración, o comité configúrase como un foro que permite achegar esta titulación a diversos ámbitos, tendo a oportunidade de expoñer as súas actividades e propostas, e discutir metodoloxías.



Espírito innovador

Cun percorrido de 15 anos, este Máster caracterízase polo seu espírito innovador, pois xa en 2005 foi a primeira titulación que estableceu prácticas obrigatorias

en empresas. De feito, Sogama vén colaborando co mesmo a través da acollida de alumnado en prácticas. Precisamente, Javier Domínguez actuou de padriño durante o acto de graduación do ano 2015. ●

A transferencia de coñecemento é unha ferramenta contra o deterioro ambiental

Un responsable técnico de Sogama participou no webinar "O futuro da xestión de residuos: reflexións entre España e México"

No marco do webinar "O futuro da xestión de residuos: reflexións entre España e México", promovido conxuntamente por Residuos Expo e a revista técnica Retema, e que tivo lugar vía online, o Xefe de Control Técnico e Económico, Calidade e Medio Ambiente de Sogama, Pedro Alcázar, avogou pola transferencia de coñecementos como unha das principais ferramentas para facer fronte ao deterioro ambiental que sofre o noso planeta e para contribuír á loita contra o cambio climático.

O relator apostou polo intercambio de coñecementos e experiencias entre países para loitar contra o deterioro ambiental do noso planeta e recordou que o sistema Sogama guíase pola xestión xerarquizada de residuos promulgada pola UE. Nesta liña, argumentou que os países europeos



Pedro Alcázar é o Xefe de Control Técnico e Económico, Calidade e Medio Ambiente de Sogama.

que máis valorizan enerxeticamente son tamén os que máis reciclan e menos verten, coa vantaxe adicional de que obteñen deste proceso enerxía eléctrica e calorífica que lles permite reducir a demanda de combustibles fósiles e de materias primas.

Solucións personalizadas

Alcázar concluíu a súa alocución subliñando que non existe unha única solución á problemática dos residuos, senón que todo pasa por unha combinación de procesos que se adapten a cada rexión. ●

Actualidade

O 8º “Recíclate con Sogama” adáptase ao formato online

Este curso académico chegará a máis dun milleiro de escolares das catro provincias

O oitavo programa “Recíclate con Sogama” chegará este curso académico a máis dun milleiro de escolares e 93 docentes; unha cifra menor que en anos anteriores debido ás restricións impostas pola COVID-19.

Ante a incerteza da evolución desta crise sanitaria, un bo número de actividades adaptáronse a formato online (presentacións, xogos, tutoriais, vídeos, etc) e tamén se elaborou un vídeo tutorial destinado ao profesorado para explicar o alcance desta iniciativa, que é precisamente traballar o hábito da clasificación en orixe, propiciando que se estenda aos fogares e contorna social máis inmediata dos alumnos e profesores.

Con pedal

Ademais, e a fin de evitar o contacto directo cos contedores,



os 3 contedores que conforman a tradicionais illas de reciclaxe dispoñen de pedal, garantindo desta forma unha operativa sen risco algún.

Igualmente, os centros que así o desexen e conten con terreo, recibirán un composteiro de 390 litros de capacidade, e fabricado con materiais reciclados e reciclables, a fin de que poidan elaborar compost a partir da

materia orgánica xerada no centro, aplicándoo posteriormente nas súas hortas ou xardíns. Uha práctica que, en moitas ocasións, é aproveitada para realizar traballos de campo e impartir clases ao aire libre.

O que non cambiará serán as visitas de seguimento do equipo de educadores para asesorar e axudar aos colexios que así o precisen. ●

[Consultar aquí os 10 centros participantes no curso 2020-2021](#)

Dodro súmase á compostaxe doméstica

Unhas 300 novas familias de Cervo, Boimorto, Cedeira, Tui, Mos, Burela e Oia contan desde este outono cun composteiro na súa vivenda con horta ou xardín

A economía circular desde a base segue sumando. O concello coruñés de Dodro foi o último municipio galego en adscribirse ao programa de compostaxe doméstica de Sogama co fin de propiciar a recuperación da materia orgánica en orixe e convertela en compost. Con tal fin, o goberno municipal repartirá 25 composteiros cedidos pola empresa pública que serán distribuídos entre outras tantas vivendas unifamiliares que conten con terreo no que aplicar o abono orgánico resultante, con excelentes propiedades fertilizantes para o solo e que contribúe a reducir o peso da bolsa de lixo convencional.



Máis cada estación

Mentres, outros sete municipios xa adheridos solicitaron a Sogama ampliar o número de vivendas participantes. É o caso de Cervo e Burela (Lugo) Boimorto e Cedeira (A Coruña) e Tui, Mos e Oia (Pontevedra). En total, 300 novos composteiros que xa están

repartidos nestas localidades desde comezos de outono.

Ademais dos cursos de formación e material didáctico en papel, todos os usuarios contan co sitio web específico www.compostaconsogama.gal, onde atopar diferentes recursos divulgativos e informativos cos que perfeccionar a técnica e tomar boa nota das súas bondades. ●

[Volver á portada](#)

Continúa a colaboración co centro penitenciario de Monterroso

Froito das múltiples e exitosas actividades desenvolvidas durante os pasados cursos académicos

Representantes do Centro Penitenciario de Monterroso e de Sogama mantiveron o pasado 29 de outubro unha xuntanza para retomar a colaboración entre ambas entidades. En concreto, o director da Escola de Adultos, Pedro Cantero, acompañado por membros do seu equipo, desprazouse á sede de Sogama para facer balance das múltiples actividades desenvolvidas durante os pasados cursos académicos e esbozar posibles áreas de traballo común para o período lectivo 2020-2021.

Cantero mostrouse satisfeito cos bos resultados dos moitos e distintos programas medioambientais desenvolvidos no centro, podendo destacar a autocompostaxe, a construción dun invernadoiro con botellas plásticas reutilizadas, a habilitación dunha horta ecolóxica, as sesións de formación sobre os tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe), incluíndo a valorización da materia orgánica, a diminución do desperdicio alimentario e a fabricación de bolsas de tea reutilizables a partir de pantalóns vaqueiros e batas fóra de uso.



Responsables da Escola de Adultos do Penal de Monterroso desprazáronse á sede de Sogama.

A todo isto habería que engadir dúas publicacións: unha sobre a actividade da horta ecolóxica, e outra sobre receitas de cociña a partir de sobras de comida que cada trimestre inspira a [sección "Receitario" deste boletín.](#)

Vehículo transversal

O obxectivo agora é retomar este labor e motivar aos internos para seguir traballando en temáticas

vinculadas ao medio ambiente pois, tal e como expresou o director da Escola de Adultos en múltiples ocasións, estes programas non son un fin en si mesmos, senón un vehículo para inculcar distintos valores nos internos (solidariedade, compañeirismo, empatía, etc) e preparalos con maiores garantías para unha futura inserción social que requirirá de gran esforzo. ●

Multimedia

Actúa como un superheroe e non tires a máscara!

Que temos en común con Supermán, Superwoman, Ironman, Spiderman, Batman, Lady Bug e as Tartarugas Ninja? Desde mediados de marzo pasado, todos somos superheroes coma eles e a nosa responsabilidade é cumprir as directrices sanitarias para minorizar os contaxios da pandemia da COVID-19 e usar as máscaras desbotables de xeito correcto.

Como se recorda neste vídeo promovido por Sogama, deben depositarse no contedor convencional da fracción resto, unha vez concluída a súa vida útil. ●



[Ver o vídeo "Xestión das máscaras desbotables"](#)

Papá, ti sabes o que é compostar?

Se nunca escoitaches falar de compostar os restos de comida que sobran na túa casa, dos composteiros ou do abono orgánico que fai máis fortes as plantas, mira con atención este vídeo didáctico.

Nel, Xoán explicalle á súa filla Lola, de 8 anos, en que consiste esta técnica e as súas vantaxes económicas e medioambientais. E sobre todo, o máis importante, que calquera persoa cunha vivenda con horta ou xardín pode axudar a coidar ao planeta transformando ela mesma os seus desperdicios orgánicos nun recurso de gran valor. ●



[Ver o vídeo "Unha historia sobre a compostaxe"](#)

O Caderno Verde fálanos das vacinas

A plataforma educativa Caderno Verde continúa achegando o seu gran de area á complexa situación sanitaria actual. A serie #EuQuedoNaCasa ampliouse con novos exercicios para o alumnado de Primaria sobre temáticas tan actuais como as vacinas.


Ademais de explicar que son e que enfermidades axudan a erradicar, aprobeitase este exercicio para falar da importancia dunha boa hixiene, dunha alimentación saudable ou dos contedores do Punto Sigre aos que se levan os medicamentos caducados ou fóra de uso.

Bótalle un ollo á ficha! ●

 **Ficha As vacinas – #EuQuedoNaCasa co #CadernoVerde**



Sabías que a saúde do solo inflúe na nosa seguridade alimentaria?



Con motivo do Día Mundial do Solo (5 de decembro), a ONU publicou o vídeo “Mantén o solo vivo, protexe a biodiversidade do solo” para concienciar sobre a importancia de manter ecosistemas saudables que garantan o benestar humano e, en última instancia, a nosa seguridade alimentaria.

Neste vídeo móstranse cales son os principais impulsores dun solo san e fértil, as súas funcións clave e os desafíos ante a perda da biodiversidade, indicando posibles formas de conserva-la e de aumentala. ●

 **Ver o vídeo “Mantén o chan vivo, protexe a biodiversidade do chan”**

Fonte: ONU Medio Ambiente

Eventos

Declaración institucional contra o cancro de mama

Con motivo do Día da Loita contra o Cancro de Mama (19 de outubro), Sogama sumouse un ano máis a unha batalla que libra en maior medida a poboación feminina, apelando á prevención e detección precoz como mellor antídoto para a súa curación.

Malia que a COVID-19 vén concentrando case toda a atención hai meses, o certo é que os cidadáns seguen padecendo outro tipo de doenzas e, o que é peor, por ese temor ao contaxio do virus non acoden ás revisións periódicas que, en moitas ocasións, salvan vidas.

Por iso, na declaración institucional de Sogama, o presidente, Javier Domínguez Lino, pediu "prudencia, responsabilidade, chequeos médicos, vida saudable e valentía". Os mellores antídotos contra un inimigo que cada ano leva por diante a vida de moitas



mulleres. En España, segundo datos da Asociación Española contra o Cancro, só en 2019 diagnosticáronse máis de 33.300 novos casos. ●

Campaña "REORGAnicémonos" en Arteixo e Cerceda



O Baixo o lema "REORGAnicémonos", Sogama participou na Semana Europea da Prevención de Residuos 2020 con accións a pé de rúa nos concellos de Arteixo e de Cerceda, na provincia de A Coruña. Durante tres días de novembro, o 26 e 27 e o 28, puxo a disposición dos veciños varios puntos informativos atendidos por educadores ambientais que asesoraron aos transeúntes na xestión sostible dos residuos, sobre consumo responsable e entregaron material didáctico e divulgativo. Un dos temas aos que se prestou máis atención foi á recollida selectiva da materia orgánica para promover o uso do contedor marrón.

A Semana Europea da Prevención de Residuos (EWRR), na que Sogama veu participando nos últimos anos, tivo lugar entre o 21 e o 29 de novembro. Constitúe a maior campaña para concienciar sobre a prevención de residuos en Europa. Reúne a milleiros de colectivos voluntarios que organizan actividades vinculadas ao principio dos tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe) e difunden a mensaxe sobre consumo sostible e economía circular. ●

Por onde empezar para reinventar un Nadal atípico?

Culminamos un ano duro e trágico no que as alegrías, felicidade e eventos vinculados ao Nadal parecen desvanecerse antes de que chegue. Pero quizais, estas Festas tan peculiares tamén sexa un bo momento para deixar saír as emocións negativas e sentar os cimentos para recuperar a ilusión por un futuro que, entre todos, debemos pintar de verde esperanza.

Neste contexto, Sogama editou un manual cunha serie de consellos prácticos para este mes de decembro no que o medio ambiente é outro dos protagonistas principais. Para coidalo, e coidarnos, a empresa pública recorda que se debe apostar pola adquisición de produtos locais de proximidade, o consumo responsable fronte ao desperdicio alimentario ou por regalos orixinais feitos por un mesmo igual ca os adornos da árbore de Nadal, que se poden elaborar con obxectos reciclados. ●



1. Por un sorriso. Sorrir á adversidade é a mellor forma de facerlle fronte.
2. Apostar polo pequeno comercio e priorizar os produtos locais e de tempada. Hoxe, máis que nunca, temos que involucrarnos co noso.
3. Pensa antes de comprar. Ti, como consumidor, tes a capacidade de decidir.
4. Regala de forma sostible e orixinal. Non fai falta gastar inxentes cantidades de diñeiro. Algo creado por ti, e ao que teñas dedicado tempo e esforzo, resulta especialmente reconfortante e atractivo para quen o recibe, ademais de inesquecible.
5. Non regales mascotas. Non son xoguetes nin caprichos. Requiren compromiso e responsabilidade. Sé consecuente.
6. Bota a voar a túa imaxinación. Constrúe a túa propia árbore de Nadal e decóraa con obxectos reciclados.
7. Ollo coas luces de Nadal. Prográmaas para que luzan cando esteas na casa. Brillan máis se se usan con moderación.
8. Non fan falta manxares excepcionais para gozar destas Festas. Recetas gastronómicas sinxelas, elaboradas con artigos de proximidade e económicos, poden resultar igualmente deliciosas. O mellor: unha boa conversación e compañía en torno a unha mesa, aderezada cun menú feito con agarimo.
9. Axusta as racións ao número de comensais e aproveita as sobras para elaborar novos pratos. Evita o desperdicio alimentario.
10. Fai un uso racional da tecnoloxía e declara a guerra á obsolescencia programada. Intenta reparar os teus dispositivos eléctricos e electrónicos antes de comprar outros novos.
11. Desprázate de forma sostible: camiña, utiliza a bicicleta e prioriza o transporte público para percorridos longos.
12. Nestas datas increméntanse os residuos de forma exponencial. Reduce a súa xeración, alonga a vida útil dos produtos a través da súa reutilización e sepáraos por tipoloxías para depositalos nos contedores correspondentes e propiciar así o seu reciclado. Os residuos conteñen recursos de alto valor.
13. Sé solidario, pero non só no Nadal. Necesitámonos uns a outros os 365 días do ano.
14. Respecta e segue fielmente as normas e recomendacións das autoridades en cada momento. Loitar contra o COVID-19 é tarefa de todos.
15. Intenta ser feliz, goza do que tes e enfronta 2021 con esperanza e enerxías renovadas. ●



Manual completo "Reinventemos este Nadal"

[Volver á portada](#)

17

Eventos _CURIOSIDADES

A lata de bebidas cumpre 85 anos

Toda unha campioa que viaxou por case nove décadas nas que demostrou a súa capacidade para adaptarse ás cambiantes necesidades do consumidor, enfrontando múltiples innovacións co fin satisfacer á sociedade. Un dato curioso: o peso da primeira lata era de 115 gramos e hoxe está nuns 13.

Todas as latas de bebidas son infinitamente reciclables sen perda de calidade, independentemente da súa cor ou deseño, coa particularidade de que tamén son fáciles de separar e de recuperar coa infraestrutura existente, sen requirir novas tecnoloxías nin custosos investimentos adicionais. Non en van, é o envase máis reciclado no mundo.

Só 2 meses

Tamén en España onde, grazas a municipios e consumidores, recíclanse máis de oito de cada dez latas. Cando se deposita no contedor amarelo, tarda menos de 60 días en volver ás mans do cidadán, en forma de nova lata ou outro produto metálico.

Reciclar unha lata aforra o 95% da enerxía necesaria para producir unha nova, o que equivale a manter un televisor funcionando durante 3 horas. ●



Fonte e imaxe: www.latasdebebidas.org

Nova campaña de SIGRE

“Un paso ao fronte polo medio ambiente” é o lema da nova campaña de SIGRE orientada á sensibilización social sobre a axeitada utilización dos Puntos SIGRE habilitados en máis de 22.000 farmacias españolas para a recollida dos envases baleiros ou restos de medicamentos. A iniciativa tamén fai fincapé na importancia dun uso axeitado dos antibióticos, o cumprimento dos tratamentos e a correcta xestión ambiental dos seus residuos.

A aceptación social a día de hoxe é boa xa que os 95% dos españois está concienciado sobre o dano medioambiental que supón tirar estes residuos ao lixo ou polo desaugadoiro, e o 92% ten un alto coñecemento sobre o Punto SIGRE.

En paralelo, a industria farmacéutica, guiada por un modelo de economía circular, leva anos aplicando medidas de prevención e ecodeseño a fin de que os envases de medicamentos teñan cada vez un menor peso e volume, sexan menos contaminantes e máis facilmente reciclables, reducindo así o seu impacto sobre a contorna. ●



Fonte e imaxe: SIGRE

Aluminio, o metal do futuro

O pasado mes de setembro, a AEA (Asociación Española do Aluminio, que representa a máis de 600 empresas do sector), lanzou a campaña "Infinitamente reciclable" para divulgar as vantaxes do aluminio, un material 100% reciclable, que non perde calidade durante o proceso de transformación e que só consome o 5% da enerxía que se precisaría para producir aluminio primario.

Nos seus moitos e diferentes formatos, o aluminio está considerado o metal do futuro, resultando clave no desenvolvemento da economía circular para sectores industriais e de consumo tan habituais como o da arquitectura e a construción, a automoción e o transporte, a alimentación, o sector tecnolóxico, eléctrico, electrónico ou agrícola, entre outros. ●

Fonte: Gestores de Residuos - www.infinitamente-reciclable.com
Imaxe: Pixabay



Aumenta un 18% o emprego na reciclaxe de envases lixeiros

O dato, correspondente aos últimos 4 anos, procede dun estudo realizado polo Instituto Sindical de Trabajo, Ambiente e Saúde de CC.OO, e cuxos resultados foron presentados recentemente nunha xornada en liña.

En concreto, neste foro apuntouse que o emprego total asociado á xestión do sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP) de envases de plástico, latas e briks, así como de papel e cartón - a realizada por Ecoembes - estímase, considerando o emprego indirecto e inducido, en 46.210 persoas. Desta cifra, o emprego directo xerado no ano 2017 ascendeu a 10.143 persoas.

En xeral, pódese deducir que, especialmente no sector de residuos urbanos, apreciase unha clara mellora en indicadores como a estabilidade laboral e a baixa rotación do emprego. ●

Fonte e imaxe: Ecoembes



Máis consumidores ecoactivos no mercado

A COVID-19 acelerou a preocupación dos cidadáns polo coidado do medio ambiente e, desde marzo, constatouse un aumento dos consumidores ecoactivos. É dicir, aqueles que están bastante ou moi implicados na protección da contorna. Pola contra, baixan un 8% os ecorresignados, é dicir, aqueles que non levan a cabo acción algunha para axudar ao planeta. Así mesmo, a pandemia intensificou a importancia de todo o relacionado coa seguridade alimentaria e coa necesidade de coñecer cal é a orixe do que comemos.

Segundo o informe *Who Cares, Who Does? 2020*, de Kantar, o número de consumidores implicados, moito ou bastante, no coidado do medio ambiente (ecoactivos e ecoconsiderados) aumenta dun ano a outro. En 2020 son un 59% fronte ao 51% de 2019.



Esta tendencia de crecemento de consumidores máis "verdes" reproducése a escala global. Europa vai na cabeza, con Europa do Este (67%) e Europa occidental (64%), seguida

de América Latina (53%), Estados Unidos (52%), na terceira posición, e, en último lugar, Asia (42%). ●

Fonte: UOC
Imaxe: Pixabay

Razóns polas que consumir produtos de tempada

Elixir alimentos de tempada é a opción máis respectuosa co medio ambiente e tamén a máis económica para os consumidores, coa particularidade de que, ao crecer en sintonía cos ciclos naturais sen depender de invernadoiros, teñen mellores calidades organolépticas e contan con todos os nutrientes.

Ademais, a produción de tempada contribúe ao desenvolvemento sostible porque reduce o consumo enerxético derivado do transporte, da loxística e da distribución e, polo tanto, as emisións contaminantes. Tamén fortalece o comercio e as economías locais, crea emprego en pequenas explotacións familiares favorecendo a repoboación de zonas rurais; e axuda a preservar a biodiversidade fronte aos monocultivos e as prácticas da agricultura industrial.

Nun marco máis xeral, o consumo local contribúe á consecución de boa parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. En particular, o ODS 12, Producción e consumo responsables, e o 13, Acción polo clima, ao procurar unha redución de gases de efecto invernadoiro. ●



Fonte: SIGFITO
Imaxe: Pixabay

Blíster biodegradable para medicamentos



Fonte: ONU Medio Ambiente
Imaxe: Pixabay

Un proxecto orientado a producir blísteres farmacéuticos biodegradables fíxose co primeiro premio do concurso "Innovación para os estilos de vida sostibles", organizado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e o Tecnolóxico de Costa Rica (TEC) co apoio da Comisión Europea.

A proposta presentada co nome de "Ecoblist" por oito estudantes da Universidade de Costa Rica consiste nunha lámina de plástico feita con polímeros biodegradables con base de amidón de iuca, resistentes ao calor e á humidade.

O segundo premio recaeu nun proxecto que promove o cultivo da yaca (*Artocarpus heterophyllus*) e a produción dos seus derivados para ser comercializados como substitutos da carne vermella. E o terceiro levouno unha proposta de reutilización de residuos de construción para a fabricación de formigóns reciclados. Ambas iniciativas tamén foron deseñadas por estudantes do TEC. ●

O desperdicio alimentario aumenta o quecemento global

Un dos factores que máis afecta ao ecosistema desde o punto de vista medioambiental é o desperdicio alimentario. Se se considerase o feito de "tirar a comida" coma se se tratase dun país, estaríamos a falar do terceiro emisor máis grande de gases de efecto invernadoiro, só por detrás de Estados Unidos e China.

No noso país, só en 2019, acabaron no lixo 1.352 millóns de quilos de comida e de bebida, sendo os produtos frescos os que lideran a relación de artigos desbotados e non consumidos. Mudar a tendencia require introducir cambios nos nosos hábitos diarios. Por exemplo, planificar o menú semanal, gardar as sobras, tanto na casa como no restaurante, para consumilas noutro momento e seguir a regra do que, en inglés, se denomina FIFO (First in First Out) e dar preferencia aos artigos perecedoiros da despensa.

Hoxe en día, a tecnoloxía pode ser unha gran aliada para evitar o desperdicio alimentario e, xa que logo, reducir o impacto medioambiental e o quecemento global. Existen aplicacións como Phenix ou Too Good To Go que poden axudar a dar unha segunda oportunidade ao excedente dos comercios a un prezo reducido. ●



Fonte: iambiente
Imaxe: Pixabay

Principais obxectivos da Comisión Europea en economía circular

A Asociación europea de Xestión de Residuos (FEAD) celebrou na primeira quincena de novembro un debate online sobre o papel da Presidencia alemá da Comisión Europea (CE) e os seus obxectivos en materia de economía circular.

As intervencións xiraron en torno a catro cuestións clave de interese para o Plan de Acción de Economía Circular, figurando, entre as súas principais conclusións, varios asuntos primordiais para a axenda comunitaria. O primeiro, para reducir o vertido, a valorización enerxética dos residuos non reciclables faise máis necesaria que nunca.

Así mesmo, fomentar o ecodeseño dos produtos e a reciclaxe, e impulsar un mercado competitivo de materias primas recicladas, resultan tamén claves segundo varios expertos europeos reunidos nesta xornada, promovida por FEAD. ●



Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Aeversu

Un estudo conclúe que a valorización enerxética de residuos é unha actividade sostible

Ante as dúbidas xeradas polo Regulamento de Taxonomía da UE, a Federación Europea de Xestión de Residuos e Servizos Ambientais (FEAD) solicitou unha análise xurídica sobre o papel da valorización enerxética na economía circular.

A análise xurídica utilizou todos os métodos aplicados para interpretar as disposicións da lexislación da UE e concluíu que, primeiro, a incineración de residuos debe considerarse de xeito diferenciado, e segundo, debe facerse unha distinción entre incineración para eliminación e incineración para valorización enerxética (R1).

Por último, determina que a valorización enerxética de residuos (R1) é coherente coa economía circular, ao tempo que cumpre outros obxectivos medioambientais, sempre que se axuste á xerarquía de residuos. Polo tanto, sinalan, a valorización enerxética dos residuos non reciclables debe considerarse unha actividade económica medioambientalmente sostible. ●



Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Aeversu

Receitario

Chega o inverno!

En poucos días entra o inverno. O cambio á estación máis fría do ano fainos pensar en pratos saborosos e consistentes pero, sobre todo, ben quentes para despegar os ceos revoltos e subir os termómetros en negativo.

Se durante as próximas festas de Nadal che sobra moita comida e a aproveitas para novas receitas, animate a compartir con nós as túas creacións culinarias "recicladas". En [Facebook](#), [Twitter](#) ou [Instagram](#)!

Coma sempre, o noso menú está sacado do receitario con sobras editado polo Penal de Monterroso "[Sabroso reciclaje](#)".

Sopa de pescado



Ingredientes reciclados:

- Restos de peixe en salsa
- Caldo de cocer peixe
- Cebola



Outros ingredientes:

- Sal
- Aceite de oliva
- Pemento doce
- Ovos
- Allo
- Viño branco
- Chile
- Coñac



Elaboración:

1. Picar o allo moi fino e refogar en aceite de oliva xunto cun chile pequeno.
2. Cando comecen a dourarse, engadir media cebola tamén picada moi fina e continuar refogando.
3. Agregar unha cullerada de café rasa de pemento doce e mesturar fóra do lume.
4. Engadir medio vasiño de viño branco e outro de coñac, levantar a ferverdura e cando reduza o alcohol, agregar o caldo de espumar o peixe.
5. Aproveitar o proceso para cocer dous ovos.
6. Deixar ferver uns minutos e engadir o peixe esmiazado e os ovos xa cortados en anaquiños.
7. Deixar ferver de novo e cocer a lume lento un par de minutos.
8. Antes de servir, é conveniente que a sopa repose uns minutos.

Receitario



Bulgur de polo



Ingredientes reciclados:

- Restos de polo guisado
- Cebola, allo porro



Outros ingredientes:

- Bulgur
- Aceite de oliva
- Perexil
- Sal
- Cúrcuma



Elaboración:

1. Desosar os restos de polo guisado, picar a carne e reservar.
2. Facer un caldo coa salsa do polo, os ósos, a auga, as follas de allo porro e sazonar con sal.
3. Lavar o bulgur con auga fría nun escoadoiro e reservar.
4. Nunha cazola plana con aceite de oliva, refogar a cebola e o allo porro, nesa orde, engadir o caldo e deixar levantar a fervedura.
5. Agregar o polo cortado en anacos, o bulgur, o perexil picado e un chisco de cúrcuma.
6. De novo, levantar a fervedura e, no momento, baixar o lume para deixar cocer lentamente 7 minutos e servir!

Torresmos doces



Ingredientes reciclados:

- Carne



Outros ingredientes:

- Fariña
- Manteiga
- Azucre
- Auga



Elaboración:

1. Ao preparar a carne, eliminar a graxa, peles e cortar en tacos.
2. Pasar polo forno e logo, fritir en aceite a baixa temperatura.
3. Engadir un pouco de fariña, manteiga e azucre e, cando colla a cor tostada do caramelo e da fariña, botar un pouco de auga e cocer a lume lento ata que os torresmos se poñan brandos.
4. Sacar os torresmos, emulsionar o líquido restante na pota e a continuación, que aflore a imaxinación do artista para empratalo!